

## **INSTRUCCIÓN 7/2020 DA SECRETARÍA XERAL DE UNIVERSIDADES RESPECTO DOS PROCESOS DE CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DE CENTROS E UNIDADES DE I+D+i NAS UNIVERSIDADES DO SUG**

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (DOG núm. 125, do 3 de xullo de 2013) establece no seu *Artigo 4. Réxime xurídico e principios de organización e actuación* que “a creación e extinción por parte das universidades de escolas, facultades, departamentos, institutos universitarios de investigación e aqueles outros centros ou estruturas necesarios para o desempeño das súas funcións se levará a cabo de acordo coas previsións expresas da lexislación estatal e autonómica e dos estatutos e demais normativa interna de cada universidade”.

A lexislación estatal e autonómica na materia son practicamente coincidentes así que, por clarificar a información, ao longo desta instrución referirémonos basicamente á autonómica que, no seu *Artigo 5. Estrutura das universidades*, indica que “poderán estar integradas polas estruturas mencionadas na Lei orgánica 6/2001, de universidades, ou identificadas nos estatutos de cada universidade pública” e que no caso de centros e unidades de I+D+i serán:

- Institutos universitarios de investigación.
- Unidades de investigación de excelencia.
- Escolas de doutorado.
- Calquera outro centro ou unidade deseñada para este fin por cada universidade nos seus estatutos ou normas de organización e funcionamento interno.

A este respecto a Lei, no seu artigo 17 di que “No caso das universidades públicas, a creación, modificación e supresión dos centros docentes e unidades de I+D+i, contempladas no artigo 5 [...], serán aprobadas pola Xunta de Galicia, previo informe do Consello Galego de Universidades, sexa por propia iniciativa, co acordo do consello de goberno da universidade, sexa por iniciativa da universidade, mediante proposta do consello de goberno, en ambos casos co informe previo favorable do consello social. Non obstante o anterior, a creación, modificación e supresión das unidades de I+D+i propias corresponde á universidade, de acordo co establecido nos seus estatutos e demais regulación interna, así como co disposto na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento”.

Na actualidade, a Lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia non foi desenvolvida de xeito expreso para os procesos de creación de varios deste tipos de centros e unidades de I+D+i.

Aínda que a Lei incide, no seu *Artigo 19. Creación, modificación y supresión de centros de I+D+i*, de xeito bastante pormenorizado, na definición dunha das estruturas de I+D+i que son os institutos de investigación universitarios e fixa, nese artigo e noutros posteriores, as liñas básicas que debe de seguirse para a tramitación da aprobación de centros de I+D+i desta tipoloxía; pero non regula ao respecto outro tipo de unidades.

Tendo en conta a falta de desenvolvemento regulamentario da Lei, a Secretaría Xeral de Universidades informou en distintas ocasións ás propias universidades cales serían algunhas





das cuestións básicas para a creación, modificación e supresión dos Centros e unidades de I+D+i.

Na actualidade, e co obxecto de outorgar maior seguridade xurídica e un trato igual a todo o sistema, a Secretaría Xeral de Universidades está a traballar nunha orde que regule e instrumente estes procedementos. A orde, nun estado de elaboración bastante avanzado, publicarase no DOG.

Esta instrución suspende todas as solicitudes de creación, modificación e supresión de centros e unidades de I+D+i presentadas dende a data de publicación desta instrución na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Santiago de Compostela  
O Secretario Xeral de Universidades  
José Alberto Díez de Castro

